Federacion de Salvamento e Socorrismo de Galicia
Calle Gambrinus mod 0 nave 3, Nº 151 Andar 2 Porta 0
15008 - CORUÑA, A

Procedemento: TR301K - Accións formativas do Sistema de Formación Profesional para persoas traballadoras desempregadas.

Expediente: TR301K-2026/000151-1

Asunto: resolución de concesión de subvención

ANTECEDENTES

Con data do 9 de xullo de 2025, publicouse no DOG, a ORDE do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 (código de procedemento TR301K), citada en diante como orde de bases.

O 13 de xaneiro de 2026, publicouse no DOG, a ORDE do 29 de decembro de 2025 pola que se modifica parcialmente a Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025 e 2026, e se procede á súa segunda convocatoria para os exercicios 2026 e 2027 (código de procedemento TR301K), citada en diante como orde de convocatoria.

Ao abeiro do disposto na citada orde, con data 28 de xaneiro de 2026, a entidade Federacion de Salvamento e Socorrismo de Galicia, NIF G27033737, presentou unha solicitude de subvención para impartir accións formativas do Sistema de Formación Profesional dirixidas a persoas traballadoras desempregadas.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Foron de aplicación no proceso de resolución as seguintes normas e consideracións legais:

- ORDE do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 (código de procedemento TR301K) (DOG Núm. 130 do 9 de xullo de 2025).
- ORDE do 29 de decembro de 2025 pola que se modifica parcialmente a Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025 e 2026, e se procede á súa segunda convocatoria para os exercicios 2026 e 2027 (código de procedemento TR301K) (DOG Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2025).
- Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.
- Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Asinado por: JUAN JOSE COUCE PREGO
Cargo: Director/a Territorial
Data e hora: 20/02/2026 18:15:15

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Jo7tkDaxXl6 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

- Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, e o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.
- Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, pola que se regula a oferta formativa do Sistema de Formación Profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, se establecen as bases reguladoras, así como as condicións para o seu financiamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

1. O procedemento seguido na tramitación e instrución dos expedientes foi o establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas concrecións establecidas na orde de bases e na orde modificadora e de segunda convocatoria.

2. De acordo co disposto no artigo 14.1 da orde de bases, o órgano instrutor do procedemento é o servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do departamento territorial de A Coruña.

3. O órgano instrutor procedeu a revisar a solicitude presentada, a verificar o cumprimento dos requisitos e a formular a proposta de resolución.

Na proposta de resolución de concesión de subvención tivéronse en conta as seguintes consideracións:

- Que a persoa solicitante reúne e cumpre todos os requisitos exixidos para ser beneficiaria da subvención.
- A existencia de crédito orzamentario dispoñible.
- A presentación da solicitude dentro do prazo establecido.

Instruído o expediente, a proposta de resolución emitiuse con data do 18 de febreiro de 2026.

4. Formulada a correspondente proposta de resolución polo órgano instrutor, a resolución dos expedientes de axudas correspóndelle, unha vez fiscalizada a proposta pola Intervención competente, á persoa titular do departamento territorial competente, por delegación da persoa titular da Consellería.

5. O artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que a "Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación".

En consideración a todo o anteriormente exposto, unha vez emitida e fiscalizada a proposta de resolución, o/a director/a territorial do departamento territorial de A Coruña **RESOLVE**, conceder unha subvención á entidade Federacion de Salvamento e Socorrismo de Galicia, NIF G27033737, para impartir as accións formativas que se detallan no anexo I, por unha contía de **48.937,50 €**.

Consonte ao disposto no artigo 16.4 da orde de bases, a beneficiaria, logo da notificación da resolución definitiva disporá dun prazo de dez días hábiles para a aceptación da mesma a través da aplicación informática SIFO, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase, de acordo co disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como tacitamente aceptada.

Asinado por: JUAN JOSE COUCE PREGO
Cargo: Director/a Territorial
Data e hora: 20/02/2026 18:15:15

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Jo7tkDaxXl6 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

CONSIDERACIÓNS XERAIS DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

No desenvolvemento das accións formativas a que se refire esta resolución, ademais das obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria deberá cumprir, nos prazos que para cada caso se determine, todas aquelas establecidas na orde de bases e na orde modificadora e de segunda convocatoria.

Non se poderá subcontratar con terceiros a execución da acción formativa concedida. Para estes efectos, non se considerará subcontratación a contratación de persoal docente. Por contratación de persoal docente enténdese exclusivamente a contratación de persoas físicas.

Para dispor dunha maior información relativa ao cumprimento do disposto no artigo 21.10 da orde de bases, no que se establece á obriga de dispor dun sistema de control de asistencia mediante DNI-e e/ou código QR compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia para o seguimento e control das actividades presenciais do alumnado e do persoal docente, pódese consultar á páxina web https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/formacion/formacion-emprego/cobipe.

En aplicación do disposto no artigo 21.1 da orde de bases, non poderá comezar ningunha acción formativa que non conte coa validación previa do persoal técnico da unidade administrativa competente, a través da aplicación informática SIFO.

As accións formativas concedidas deberán iniciar a súa impartición no prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de notificación da resolución de concesión. A data límite para o remate das accións formativas da segunda convocatoria será o 31 de marzo de 2027.

Non poderá iniciarse ningunha acción formativa que non reúna o primeiro día do curso un mínimo de 8 persoas alumnas. Entre as persoas participantes que inician deberán figurar como asistentes cando menos o 50%, arredondado ao enteiro superior se a primeira cifra decimal é igual ou superior a 5, das persoas desempregadas que asumiron o compromiso de participar.

De acordo co disposto no artigo 39 da orde de bases, o incumprimento das obrigas e condicións establecidas nas ordes de bases e na orde modificadora e de segunda convocatoria, e na resolución de concesión, poderá, de ser o caso, dar lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

A presente resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, se o acto fose expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto non fose expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Mediante este documento, en aplicación do disposto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícaselle a presente resolución.

En A Coruña, na data da sinatura electrónica

O/a director/a territorial

Juan José Couce Prego

Asinado por: JUAN JOSE COUCE PREGO
Cargo: Director/a Territorial
Data e hora: 20/02/2026 18:15:15

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Jo7tkDaxXl6 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACION
Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Coruña
Rúa Gregorio Hernández, nº 2-4 Espazo Amizar
15011 Coruña, A (Coruña, A)
Teléfono: 881881564
orientacionlaboral.traballo.coruna@xunta.gal

Xacobeo 2027

ANEXO I

PROCEDEMENTO TR301K

ACCIÓNS FORMATIVAS CONCEDIDAS PARA O EXPEDIENTE TR301K-2026/000151-1

Código acción formativa	Oferta formativa[1]	Código da oferta	Denominación	Horas	Alumnado	Modalidade especialidade[2]	Censo impartición	Censo presencial[3]	MT[4] (modalidade[5])	Subvención concedida
2026/001313	4	AFDP0209	Socorrismo en espazos acuáticos naturais	498	15	Presencial	1504103		FCOO03 (P) FCOXXX24 (P) FCOXXX26 (P)	48.937,50 €
									TOTAL:	48.937,50 €

Desagregación por anualidade da subvención total concedida: ano 2026: 48.937,50 € | ano 2027: 0,00 €

LENDAS EXPLICATIVAS:

Oferta formativa (1)	
Código	Descrición
1	Competencia clave
2	Oferta grao A
3	Oferta grao B
4	Oferta grao C

Módulos formativos transversais (4)	
Código	**Descrición**
FCOO03	Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero
FCOXXX24	Formación para a igualdade (8h.)
FCOXXX26	Básico de Prevención de Riscos Laborais (60h.)

(2) De incluir un asterisco, a acción formativa impartirá contidos mediante aula virtual

(3) Censo presencial: Censo no que, de ser o caso, terán lugar as actividades presenciais cando a modalidade de impartición sexa virtual

(5) (P) Presencial, (V) Virtual

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Jo7tkkDcnXt6 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACION
Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Coruña
Rúa Gregorio Hernández, nº 2-4 Espazo Amizar
15011 Coruña, A (Coruña, A)
Teléfono: 881881564
orientacionlaboral.traballo.coruna@xunta.gal

Xacobeo 2027